

hggttonlie

Excepcional vendima para Medio Rural

A directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural, Alejandra Álvarez de Mon, cualificou os resultados da colleita da vendima do pasado ano como excepcionais, acadando entre as 5 Denominacións de Orixe (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras) un total de 57,6 millóns de quilos de uva, cun crecemento do 21,6% respecto ao ano anterior e do 33,5% respecto da media do período 2007/2009.

A directora xeral fixo fincapé en que “estas cifras reflicten perfectamente a importancia do sector e da vendima na actividade económica das comarcas rurais” con 17.649 viticultores inscritos nas cinco DD.OO. galegas e con 465 adegas xeradoras de emprego.

Álvarez de Mon mostrou estes datos na comparecencia da Comisión 7ª de Agricultura, Gandería e Montes, na que salientou que “este ano o tempo para a vendima foi moi favorable, o que permite que os traballos se fixeran cun ritmo axeitado e que a uva entre nas adegas cunha calidade sanitaria excelente”.